



CIRCULAR INFORMATIVA 14/2022

POSTA DE MANIFESTO DO PROXECTO DO NOVO ESTATUTO COLEXIAL

A Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na sesión do 27.07.2022, adoptou o seguinte acordo:

«Unha vez finalizado o procedemento interno de elaboración e aprobación pola Xunta de Goberno do proxecto do novo estatuto colexial **para a súa obrigada adaptación** ao Estatuto xeral da avogacía española de 2021, aprobado polo Real decreto 135/2021, do 2 de marzo (en virtude da súa disposición derradeira terceira, na que se fixa o prazo dun ano para a dita adaptación), **e con carácter previo á celebración da xunta xeral extraordinaria** (segundo o previsto no artigo 94 do vixente estatuto do Colexio), **acórdase abrir o trámite de posta de manifesto do dito proxecto ante o censo colexial.**

Co obxecto sinalado, a Xunta de Goberno aproba as seguintes normas de actuación:

1ª) O Proxecto de estatuto colexial aprobado pola Xunta de Goberno na presente sesión (27.07.2022) será posto de manifesto ante o censo colexial durante **quinze días naturais** mediante a súa inserción na zona privada da páxina web do Colexio e a súa remisión por correo electrónico aos colexiados e colexiadas. O prazo dos quinze días comezará a contar dende o día seguinte á dita posta de manifesto.

2ª) Dentro do prazo sinalado no apartado anterior, os colexiados e colexiadas **poderán formular emendas**, totais ou parciais, ao texto que se pon de manifesto, que se dirixirán por escrito asinado dixitalmente á conta de correo st.gerente@icasantiago.org.

A formulación das emendas deberá expresar con claridade e precisión os aspectos xerais ou particulares que se pretenden emendar, a súa xustificación e a proposta alternativa de redacción do artigo ou artigos afectados, salvo que se trate de emendas á totalidade.

As emendas presentadas no prazo establecido serán as únicas que poderán someterse a discusión e votación na xunta xeral extraordinaria que será convocada para o efecto.»

Acceso ao Proxecto de estatuto na web colexial: <https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2022/08/e-icas-01-09-2022-gl.pdf>

Achégase o Proxecto de estatuto colexial (PDF).

